



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

III CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA “NADAL NAS RÚAS”

Bases do concurso

1. Poderán participar no concurso tódolos veciños/as do municipio de **O Barco** que o desexen.
2. A inscrición no concurso é gratuíta e realizarase presentando o formulario de inscrición dispoñible nas **oficinas do Concello, nas oficinas de AEVA ou completando o formulario** habilitado nas páxinas web do Concello (www.conceldobarco.org), e de AEVA (www.empresariosdevaldeorras.com) ata o día **23 de novembro de 2015 ás 19.00 horas**, non aceptándose inscricións posteriores a esa data.
3. As rúas deberán estar engalanadas, como mínimo, dende o **día 5 de decembro de 2015** e ata o día **6 de xaneiro de 2016**.
4. A decoración da rúa - adornos en árbores, farois, maceteros, fachadas, ... - gardará relación coas festas de Nadal, tendo os participantes total liberdade en canto á técnica e estilo.
5. Os elementos decorativos que se empreguen non poderán causar ningún perigo nin prexuízo para as persoas e os bens.
6. Si se utilizan materiais decorativos luminosos e fose necesaria a conexión ao alumeado público, o Concello poderá colaborar na instalación, previa solicitude por parte dos participantes, e sempre e cando o solicitante se comprometa a ter os materiais decorativos a disposición dos operarios municipais, para a súa instalación, o **día 27 de novembro de 2015**



7. O xurado estará formado por dous representantes do concello **de O Barco**, dous representantes de **AEVA** e un representante da **prensa comarcal**.
8. O xurado emitirá o fallo o día 8 de xaneiro del 2016. A organización porase en contacto cos gañadores.
9. O fallo do xurado será inapelable.
10. Para a valoración das rúas participantes o xurado terá en conta: deseño, orixinalidade, iluminación, temática, modernidade e innovación.
11. Establécese un primeiro premio de 150 € e un segundo premio de 100 €, cuxo custe asumirá o Concello de O Barco
12. A organización comprométese a non ceder a terceiros, baixo ningunha circunstancia, os datos persoais dos participantes, limitándose, en todo caso, a empregalos para contactar con eles sobre cuestións referentes ao transcurso do certame ou informarlles de outras actividades posteriores.
13. A participación no concurso supón a plena aceptación das bases. A organización resolverá sobre tódalas cuestións non previstas nestas bases, e poderá declarar deserto o concurso si, a criterio do xurado, as decoracións presentadas non cumpren cos criterios establecidos nas presentes bases

O Barco de Valdeorras, 13 de novembro de 2015